



**Concello de Tomiño**  
PONTEVEDRA

P-3605400-E  
Praza do Seixo  
☎ 986 622 001  
Fax 986 622 530  
C.P. 36740

tomino@concellos.depontevedra.es

## **BASES CABALGATA DE REIS. NADAL 2015-2016**

- 1.- O obxectivo destas bases é regular a participación das entidades/asociación sen ánimo de lucro, a través de carrozas, na Cabalgata de Reis que organiza o Concello de Tomiño.
- 2.- O prazo de inscrición para participar no desfile será do 7 ata o 11 de decembro.
- 3.- Soamente se admitirá un máximo de 4 carrozas das presentadas por asociación **rexistradas** neste Concello e conforme a orde de solicitude.
- 4.- O desfile será o 5 de xaneiro. A saída será ás 16:30 horas dende O Alivio polo percorrido habitual. En caso de choiva, poderá suspenderse ou trasladarse para o día seguinte á mesma hora, a criterio da Concellería.
- 5.- As solicitudes serán segundo o modelo establecido pola Concellería, debendo aportar obrigatoriamente un **seguro de responsabilidade civil**.
- 6.- O tema da carroza poderá facer referencia a algún ou varios dos seguintes temas: reis magos, carteiros reais e paxes.
- 7.- Cada proposta co seu correspondente deseño, que sexa admitida, terá dereito á compensación económica, por un importe de 1.000, 00 €. No caso de que se suspenda a Cabalgata a compensación económica quedará reducida a 200,00 € para cada unha das inscricións admitidas.
- 8.- O pago das compensacións económicas realizarase mediante transferencia bancaria, previa presentación da factura correspondente no Departamento de Intervención do Concello de Tomiño (presentando certificación, se é o caso, da exención do IVE). O prazo de presentación da factura será de 1 mes dende a celebración do acto.
- 9.- O feito da presentación da documentación esixida nesta Convocatoria implica a aceptación, na súa totalidade, das presentes Bases. As cuestión de dúbida, interpretación ou imprevisto que xurdan no desenvolvemento deste desfile serán resoltas pola Concellería de Cultura.

